



---

**Ingedore Villaça Koch / Vanda Maria Elias: *Ler e compreender. Os sentidos do texto*, Editora Contexto, 2006, 216 páxinas.**

---

A profesora brasileira I. V. Koch vén de publicar, coa colaboración de V. M. Elias, o último dos seus estudos de pesquisa no ámbito da Lingüística Textual. Encontrámonos, pois, con máis unha achega ao texto desde o punto de vista socio-cognitivo e interaccional, baseándose nos mecanismos de lectura e comprensión de textos e na súa posíbel aplicación nas prácticas docentes. Este último volume completa os traballos anteriormente publicados pola autora, inseríndose, máis unha vez, nas tendencias máis recentes nos estudos sobre o texto e completando as anteriores pesquisas cuxos obxectos principais foran a identificación dos mecanismos constitutivos do texto, os procesos de ordenación e retomada do tema, a construción do sentido no discurso textual, a interacción a través da linguaxe, as actividades discursivas e as súas marcas na interacción lingüística ou as implicacións da referenciación no discurso.

*Ler e comprender* é un libro escrito principalmente para profesores do ensino primario e medio, mais as explicacións simples e didácticas fano accesíbel a calquera tipo de público interesado nas estratexias de produción de sentido no discurso. Deste xeito, un lector non especialista na disciplina pode perfectamente iniciarse nesta sen encontrar maiores problemas, porque as explicacións de cada un dos conceptos introducidos son moi ilustrativas. O obxectivo principal do estudo é amosar as estratexias que os lectores teñen á súa disposición para construíren un sentido para o texto que sexa compatíbel coa proposta do seu produtor. Cómpre, antes de máis, lembrarmos que na lectura dun texto hai múltiples factores relevantes e que van máis alá dun simple coñecemento compartillado polos interlocutores, posto que o lector, para a construción dun sentido do texto, ten de mobilizar unha serie de estratexias ao tentar encher as lacunas de significado existentes.

Unha das características máis salientábeis desta obra é o estudo dalgúns dos conceptos básicos que trata a Lingüística Textual actual e a súa aplicación práctica en textos de moi diversos xéneros. A chave da lectura son os continuos exemplos, que non só a fan moito máis doada senón que facilitan a comprensión dos aspectos teóricos, relacionando continuamente o xa dito co que se está a dicir e creando unha cadea de coñecementos facilmente asimilábeis. A introdución do libro resulta moi interesante polo feito de nos adentrar no material deste e de sinalar os presupostos

e os obxectivos principais. O presuposto básico de que as autoras parten é que o texto é o lugar onde interaxen suxeitos sociais e que os obxectos de discurso e as diferentes propostas de sentido se constrúen a través das accións lingüísticas e sociocognitivas. Canto aos obxectivos, para alén de encher unha lacuna existente no mercado editorial, o estudo tenta construír unha necesaria ponte entre a teoría sobre o texto, as lecturas e as prácticas de ensino.

O volume está constituído por nove apartados ao longo dos cales imos aprofundando en temas como a importancia da relación entre lectura, texto e sentido, os sistemas de coñecemento e procesamento textual, a influencia do contexto e da intertextualidade na produción de sentido do discurso, os xéneros textuais, a referenciación e a progresión referencial, a secuenciación textual e a coherencia. Algunhas destas cuestións xa teñen sido tratadas pola profesora brasileira en diversas ocasións nalgúns dos seus anteriores estudos, mais a finalidade neste caso é distinta, posto que aquí o que verdadeiramente lle interesa é a aplicación práctica dos coñecementos para a súa certa utilidade no ensino. Aínda así, non debemos esquecer que xa nun seu anterior estudo, *A coerência textual* (1990), lle dedica un apartado do libro ao aproveitamento dos coñecementos sobre a coherencia textual na aprendizaxe da lingua materna e indica a importancia que suporía unha mudanza na metodoloxía de produción e comprensión de textos baseada nas descubertas da Lingüística Textual.

O primeiro dos apartados do libro subliña a importancia da lectura na formación das persoas, algo indiscutíbel por todos nós, e a isto acrécentalle a necesaria influencia que a escola debe ter na formación de lectores competentes. A introdución de coñecementos faise a través do formulamento dunha serie de preguntas e as respostas pertinentes, mais esta metodoloxía non é exclusiva deste primeiro apartado, posto que será unha constante ao longo de todo o estudo, adiantándose así ás posíbeis dúbidas que poidan xurdir no labor da lectura. Máis unha das ideas relevantes que encontramos no texto é que a lectura é unha actividade de produción de sentido, porque o lector realiza un traballo activo de comprensión e interpretación do texto. Esta actividade implica unha serie de estratexias de selección, anticipación, inferencia e verificación, mais na comprensión e interpretación dun texto tamén son moi importantes os obxectivos da lectura. A través de moi diversos exemplos, as autoras verifican as afirmacións teóricas feitas no estudo, axudando así o público lector a entender a importancia da produción e comprensión de sentidos dun texto e a observar como o feito de os coñecementos do produtor e do lector coincidiren non é imprescindible para unha correcta comprensión do sentido.

Ao longo dos varios apartados de que o estudo está composto abórdanse moi diferentes temas, aínda que todos estean encadrados na actividade de procesamento textual e teñan que ver coa produción de sentido dos textos. O segundo dos apartados céntrase nos tipos de coñecemento que se mobilizan cando se realiza un pro-

cesamento textual, isto é, o coñecemento lingüístico, enciclopédico e interaccional. A través de diversos exemplos, que en moitos casos se corresponden con anuncios publicitarios, as autoras explican moi atinadamente a importancia destes tres tipos de coñecementos que posuímos e de que tiramos proveito moi habitualmente sen nos decatarmos. Este tipo de coñecementos, que están socioculturalmente determinados e vivencialmente adquiridos, constitúen o que é denominado modelos episódicos ou de situación, que nos ofrecen a información necesaria para nos comportarmos como as circunstancias o exixiren.

Máis un tema moi interesante estudado nesta obra é a relación do texto e o contexto, e mais do texto e a intertextualidade. Estes dous puntos conforman, respectivamente, o terceiro e cuarto apartados do libro e contan cunha grande importancia debido ao papel que tanto o contexto como a intertextualidade poden exercer na construción dun sentido do texto. É evidente a relevancia do contexto na produción de sentido dun discurso; en moitas ocasións, un texto descontextualizado implica a aparición dun significado distinto e, debido a isto, e baseándose nalgúns exemplos que o amosan, as autoras afirman que o contexto é un dos obxectos de estudo centrais da Lingüística Textual, aínda que puidésemos pensar que este ámbito era exclusivo da Pragmática. Resulta clarificador, neste terceiro apartado, un pequeno repaso á disciplina en que se encadra este libro, onde se sinalan as diversas fases por que teñen pasado os seus estudos, lembrando desde a importancia que nun primeiro momento se lle deu á análise transfrásica até á incorporación aos estudos dos enunciados do contexto sociocognitivo. Canto á relación entre texto e intertextualidade, cómpre dicirmos que no conxunto dos coñecementos constitutivos do contexto destaca o coñecemento doutros textos. A explicación da noción de intertextualidade faise, máis unha vez, partindo de preguntas cuxa resposta nos vai ofrecendo datos que nos encamiñan cara ao concepto de que fala o apartado; así, aprendemos a diferenza entre a intertextualidade en sentido amplo, en sentido estrito e a súa construción implícita ou explícita.

A aprendizaxe da dominación da escrita e comprensión de textos foi un dos obxectivos sinalados como principais desde o comezo da lectura. Pois ben, para que esta aprendizaxe sexa eficaz é preciso que coñezamos a fondo os diferentes xéneros textuais. Este coñecemento, forma parte, segundo I. V. Koch e V. M. Elias, dunha competencia metaxénica que os individuos desenvolvemos e que posibilita adecuármonos ás distintas prácticas textuais. Cada xénero textual ten unha constitución, contido e estilo, que nós inconscientemente non só identificamos, senón que tamén utilizamos convenientemente, aínda que a hibridización de xéneros, isto é, o feito de un xénero asumir a forma doutro para acadar un determinado propósito comunicativo, se dá moi habitualmente.

O sexto apartado é importante por aprofundar nos conceptos de referenciación e progresión referencial e por os relacionar amosando que consisten na construción

e reconstrución do obxecto de discurso. É necesario sinalarmos, a respecto deste tema, que concordamos coas autoras canto á adopción do termo “referenciación” e non “referencia”, pois os referentes de que falamos non son os obxectos do mundo real, senón que son espellos deste; os obxectos de discurso non son o mesmo que a realidade extralingüística, simplemente reconstrúen esta, son imaxes desta. Hai que sinalar, por tanto, unha mudanza significativa de terminoloxía que se produce neste estudo e é apoiada polas autoras. Unha vez que temos claros os conceptos de que partimos, non podemos esquecernos de aludir, pois, á referenciación como unha actividade discursiva, e indicarmos as diferentes estratexias de referenciación que as autoras sinalan no texto: a introdución, retomada e a desfocalización. A súa explicación resulta moi interesante e é doadamente comprensíbel cos exemplos que se ofrecen tirados de diversas bandas deseñadas. Ao final do capítulo, e tentando tirar unha conclusión, podemos afirmar, concordando coas autoras, que o texto é un universo de relacións secuenciais e a importancia desta secuenciación textual observáremola no penúltimo apartado do libro.

As expresións nominais referenciais teñen sido obxecto de moitas pesquisas, posto que desempeñan unha serie de funcións cognitivo-discursivas que contan cunha grande relevancia na construción textual do sentido. Neste estudo serán, máis unha vez, tratadas moi devagar, mais nós tan só sinalaremos que as autoras as agrupan en nove, entre as que están o encapsulamento, a activación/reactivación na memoria, a organización macroestrutural ou a introdución de informacións novas entre outras. Quizais este sétimo apartado sexa o de máis difícil comprensión, non polos exemplos, que son igual de clarificadores que noutras ocasións, mais si pola cantidade de información que recolle, sen nos referirmos a cada apartado en particular, senón a que, unha vez lido este por completo, é complicado non só tirarmos unhas conclusións certeiras, senón tamén recompilarmos os coñecementos adquiridos.

Xa para finalizarmos con este repaso aos distintos apartados en que o libro se divide, reuniremos os dous últimos temas, que estudan a secuenciación e a coherencia textual respectivamente. Temos de lembrar que varios dos puntos tratados nestes dous apartados finais xa teñen sido estudados por I. V. Koch en diversas ocasións. Así, a secuenciación textual, e con relación a esta, os procedementos de manutención temática en que está incluída a progresión, teñen que ver coas nocións de tema e rema xa recollidas n’*O texto e a construção dos sentidos* (1997), onde fala da tematización e rematización como estratexias de construción do texto falado. Mais tamén, por exemplo, reaparecen neste estudo a progresión e a continuidade tópica, cando no libro sinalado unhas liñas máis arriba xa tiña investigado sobre a dinamicidade dos tópicos no texto conversacional; ademais, non debemos esquecer que n’*A interação pela linguagem* (1992) dedicara un apartado a analizar a organización tópica da conversación. Por último, e polo que respecta á coherencia textual como principio de interpretabilidade, voltaremos, máis nunha ocasión, a algúns dos

temas xa recompilados n'*A coerência textual* (1990). Coidamos que é moi importante decatármonos de que a coherencia non está no texto, senón que somos nós, na interacción co autor e co texto, os que a construímos. Por outro lado, e en relación co que tamén recolle o libro anteriormente sinalado, ao tentar definir a coherencia sempre se presenta o problema da cohesión, mais de novo, corroborando as afirmacións xa feitas anteriormente polas autoras, sinálase que a cohesión textual non é condición nin necesaria nin suficiente para a existencia da coherencia; esta está ligada á posibilidade de establecer un sentido para un texto e, por tanto, afirma que é un principio de interpretabilidade. Ademais, e seguindo de novo Van Dijk e Kintsch, distingue moi atinadamente entre coherencia sintáctica, semántica, temática, pragmática, estilística e xenérica.

Por último, é necesario destacarmos a importancia deste libro como unha imprescindíbel contribución á ampliación da bibliografía nos estudos da Lingüística Textual e resaltarmos o papel de I. V. Koch como unha das principais investigadoras da actualidade neste ámbito. Alén disto, e no caso do galego, onde os estudos da gramática do texto se están a introducir moi timidamente nalgunha das universidades da Galiza, deberíamos incorporar como manuais, cando fose necesario cubrir as lacunas da produción propia, os estudos dos investigadores que se encadran na comunidade lingüística galego-luso-brasileira, facilitando, así, a circulación de materiais nas distintas variedades lingüísticas do galego-portugués.

*Silvia Muíño Naveira*

*Universidade da Coruña*

## **Referencias bibliográficas**

- Koch, I. V / Travaglia, L. C. (1990): *A coerência textual* (São Paulo: Contexto).
- Koch, I. V (1992): *A inter-ação pela linguagem* (São Paulo: Contexto).
- Koch, I. V (1997): *O texto e a construção dos sentidos* (São Paulo: Contexto).